

**Procedemento:** selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co Centro Coreográfico Galego

**Asunto:** resolución pola que se seleccionan tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co Centro Coreográfico Galego

## **ANTECEDENTES**

1 Con data 08.05.2025 publícase a Resolución do 07.05.2025, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se aproban as bases reguladoras dunha convocatoria pública para a selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co Centro Coreográfico Galego no ano 2025.

2 En data 26 de maio de 2025, a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural co NIF número G27393263, presentou un recurso contra a Resolución da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se aproban as bases reguladoras dunha convocatoria pública para a selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co Centro Coreográfico Galego no ano 2025, que foi desestimado mediante Resolución do director da Axencia de data 26/06/2025.

3 De acordo co establecido no apartado 7.1 das devanditas bases, para a avaliación dos proxectos presentados constitúise unha Comisión de valoración, cuxo nomeamento foi publicado na páxina web da Agadic con data 11/07/2025 e que foi constituída en sesión de data 15/07/2025.

## **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1 O apartado 9 das bases reguladoras da convocatoria pública para a selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co Centro Coreográfico Galego no ano 2025, establecen que a persoa titular da Dirección da Agadic, á vista do informe da Comisión de valoración, ditará a resolución de selección dos proxectos, que será publicada na páxina web [industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal) e se lle notificará ás persoas titulares dos proxectos seleccionados. O prazo para ditar e notificar a resolución será de dous meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, LINGUA E XUVENTUDE  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
[agadic@xunta.gal](mailto:agadic@xunta.gal) / [industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal)



2 De acordo co acta-informe emitido pola Comisión de valoración:

a) As entidades que figuran no anexo III desta resolución cumpren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria para participar no procedemento para a selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co CCG e, polo tanto, os seus proxectos son avaliados de acordo cos criterios que se establecen nas ditas bases.

b) As entidades que figuran no primeiro cadro do Anexo II non cumpren cos requisitos establecidos na convocatoria, en concreto, co establecido nos apartados 3.2 e 3.4 das súas bases, e, polo tanto, non son admitidas ao procedemento.

As entidades incluídas no segundo cadro do dito anexo desisten das súas solicitudes no procedemento.

c) As puntuacións totais acadadas polas solicitudes dos proxectos avaliados pola Comisión son as que figuran no Anexo IV, por orde de prelación decrecente.

3 No mesmo acta-informe, a Comisión de valoración propón os seguintes proxectos como seleccionados nesta convocatoria, en base ás puntuacións acadadas na súa avaliación:

#### MODALIDADE 1

| Número de expediente | Solicitante                        | Proxecto       | NIF       | Puntuación total | Importe total do proxecto |
|----------------------|------------------------------------|----------------|-----------|------------------|---------------------------|
| M1- 2025.005         | Hugo<br>Guilherme<br>Pires Pereira | <i>Alén</i>    | ***8242** | 65,00            | 50.100,00 €               |
| M1-2025.006          | Xian Martínez<br>Miguel            | <i>52-Blau</i> | ***8887** | 53,25            | 30.100,00 €               |



**MODALIDADE 2**

| Número de expediente | Solicitante emerxente | Proxecto            | NIF       | Puntuación total | Importe total do proxecto |
|----------------------|-----------------------|---------------------|-----------|------------------|---------------------------|
| M2-2025.003          | Nerea Andrés Docal    | <i>Saias do mar</i> | ***2704** | 26,83            | 9.695,90 €                |

Polo exposto, e de acordo coas facultades que teño atribuídas

**RESOLVO**

1 Admitir as solicitudes que se relacionan no **Anexo III** por cumprir cos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

2 Non admitir as solicitudes que figuran no cadro de solicitudes non admitidas do **Anexo II** por non cumprir cos requisitos da convocatoria, en concreto, co establecido no apartado 3.2 e 3.4 das súas bases.

3 Seleccionar os seguintes proxectos para a realización de tres espectáculos en coprodución co CCG, en base ás puntuacións acadadas na avaliación realizada pola Comisión:

**MODALIDADE 1**

| Número de expediente | Solicitante                  | Proxecto       | NIF       | Puntuación total | Importe total do proxecto |
|----------------------|------------------------------|----------------|-----------|------------------|---------------------------|
| M1- 2025.005         | Hugo Guilherme Pires Pereira | <i>Alén</i>    | ***8242** | 65,00            | 50.100,00 €               |
| M1-2025.006          | Xian Martínez Miguel         | <i>52-Blau</i> | ***8887** | 53,25            | 30.100,00 €               |

**MODALIDADE 2**

| Número de expediente | Solicitante emerxente | Proxecto            | NIF       | Puntuación total | Importe total do proxecto |
|----------------------|-----------------------|---------------------|-----------|------------------|---------------------------|
| M2-2025.003          | Nerea Andrés Docal    | <i>Saias do mar</i> | ***2704** | 26,83            | 9.695,90 €                |

4 Publicar esta resolución na páxina web da Agadic ([industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal)) e notificala individualmente ás persoas titulares dos proxectos seleccionados, dando así por

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, LINGUA E XUVENTUDE  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
[agadic@xunta.gal](mailto:agadic@xunta.gal) / [industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal)



concluído este procedemento. Nas notificacións individuais deberá requirirse a documentación necesaria aos efectos de iniciar a tramitación dos procedementos administrativos correspondentes para as contratacións das coproducións dos tres espectáculos de danza e artes do movemento seleccionados.

Contra esta resolución, que esgota á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter previo e potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao que se reciba a notificación desta resolución. Se o prefire, pode interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao que se reciba a notificación desta resolución. Estes recursos regúlanse no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa e nos artigos 124 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais  
Jacobo Sutil Nesta



## ANEXO I. Solicitudes recibidas

### Modalidade 1

| Número de expediente | Solicitante                       | NIF       | Nome do proxecto                                              |
|----------------------|-----------------------------------|-----------|---------------------------------------------------------------|
| M1-2025.001          | Ana Beatriz Pérez Enríquez        | ***1210** | <i>Ngoma.</i>                                                 |
| M1-2025.002          | Francisco Agustín Sieira González | ***8011** | <i>Benquerer.</i>                                             |
| M1-2025.003          | Mikel Arístegui Tello             | ***8379** | <i>De la A a la Z, diálogo multidimensional en movemento.</i> |
| M1-2025.004          | Paula Quintas Santos              | ***7963** | <i>Límites e confluencias. Conferencia en movemento.</i>      |
| M1-2025.005          | Hugo Guilherme Pires Pereira      | ***8242** | <i>Alén.</i>                                                  |
| M1-2025.006          | Xián Martínez Miguel              | ***8887** | <i>52-Blau.</i>                                               |
| M1-2025.007          | Álvaro Reboredo Ortega            | ***5017** | <i>Vidas Torcidas.</i>                                        |
| M1-2025.008          | Carlota Pérez Fernández           | ***0451** | <i>Corpo Memoria</i>                                          |
| M1-2025.009          | Marta Alonso Tejada               | ***8758** | <i>Abúrrome.</i>                                              |

### Modalidade 2

| Número de expediente | Solicitante           | NIF       | Nome do proxecto              |
|----------------------|-----------------------|-----------|-------------------------------|
| M2-2025.001          | Gema González Estévez | ***1212** | <i>O que xermola no lume.</i> |
| M2-2025.002          | Lilian Portela Fontán | ***9170** | <i>Skyline</i>                |
| M2-2025.003          | Nerea Andrés Docal    | ***2704** | <i>Saias do mar.</i>          |
| M2-2025.004          | Martín Blanco Mouro   | ***1164** | <i>Vértigo.</i>               |



## Anexo II. Solicitudes non admitidas e desistidas

### Solicitudes non admitidas

| Número de expediente | Solicitante             | NIF       | Proxecto                                                      | Modalidade | Causa de non admisión                  |
|----------------------|-------------------------|-----------|---------------------------------------------------------------|------------|----------------------------------------|
| M1-2025.003          | Mikel Arístegui Tello   | ***8379** | <i>De la A a la Z, diálogo multidimensional en movemento.</i> | 1          | Apartado 3.2 das bases da convocatoria |
| M1-2025.008          | Carlota Pérez Fernández | ***0451** | <i>Corpo Memoria</i>                                          | 1          | Apartado 3.2 das bases da convocatoria |
| M2-2025.002          | Lilian Portela Fontán   | ***9170** | <i>Skyline</i>                                                | 2          | Apartado 3.4 das bases da convocatoria |
| M2-2025.001          | Gema González Estévez   | ***1212** | <i>O que xermola no lume.</i>                                 | 2          | Apartado 3.2 das bases da convocatoria |

### Solicitudes desistidas

| Número de expediente | Solicitante            | NIF       | Proxecto               | Modalidade | Causa de desistencia                 |
|----------------------|------------------------|-----------|------------------------|------------|--------------------------------------|
| M1-2025.007          | Álvaro Reboredo Ortega | ***5017** | <i>Vidas Torcidas.</i> | 1          | Apartado 4 das bases da convocatoria |
| M2-2025.004          | Martín Blanco Mouro    | ***1164** | <i>Vértigo.</i>        | 2          | Apartado 4 das bases da convocatoria |





**ANEXO III. Solicitudes para a avaliación pola Comisión de avaliación****Modalidade 1**

| Número de expediente | Solicitante                       | NIF       | Nome do proxecto                                             |
|----------------------|-----------------------------------|-----------|--------------------------------------------------------------|
| M1-2025.001          | Ana Beatriz Pérez Enríquez        | ***1210** | <i>Ngoma.</i>                                                |
| M1-2025.002          | Francisco Agustín Sieira González | ***8011** | <i>Benquerer.</i>                                            |
| M1-2025.004          | Paula Quintas Santos              | ***7963** | <i>Límites e confluencias.<br/>Conferencia en movemento.</i> |
| M1-2025.005          | Hugo Guilherme Pires Pereira      | ***8242** | <i>Alén.</i>                                                 |
| M1-2025.006          | Xián Martínez Miguel              | ***8887** | <i>52-Blau.</i>                                              |
| M1-2025.009          | Marta Alonso Tejada               | ***8758** | <i>Abúrrome.</i>                                             |

**Modalidade 2**

| Número de expediente | Solicitante        | NIF       | Nome do proxecto     |
|----------------------|--------------------|-----------|----------------------|
| M2-2025.003          | Nerea Andrés Docal | ***2704** | <i>Saias do mar.</i> |



**ANEXO IV. Solicitudes por orde de prelación segundo a puntuación total obtida**
**Modalidade 1**

| Número de Expediente | Solicitante                       | NIF       | Proxecto                                                 | Puntuación Criterios Técnicos | Puntuación Criterios Automáticos | Total        |
|----------------------|-----------------------------------|-----------|----------------------------------------------------------|-------------------------------|----------------------------------|--------------|
| M1-2025.005          | Hugo Guilherme Pires Pereira      | ***8242** | <i>Alén</i>                                              | 30,00                         | 35,00                            | <b>65,00</b> |
| M1-2025.006          | Xián Martínez Miguel              | ***8887** | <i>52- Blau</i>                                          | 28,75                         | 24,50                            | <b>53,25</b> |
| M1-2025.009          | Marta Alonso Tejada               | ***8758** | <i>Abúrrome.</i>                                         | 18,17                         | 33,50                            | <b>51,67</b> |
| M1-2025.004          | Paula Quintas Santos              | ***7963** | <i>Límites e confluencias. Conferencia en movemento.</i> | 24,17                         | 21,00                            | <b>45,17</b> |
| M1-2025.002          | Francisco Agustín Sieira González | ***8011** | <i>Benquerer.</i>                                        | 20,08                         | 25,00                            | <b>45,08</b> |

**MODALIDADE 2**

| Número de Expediente | Solicitante<br>Compañía emerxente | NIF       | Proxecto             | Puntuación Criterios Técnicos | Puntuación Criterios Automáticos | Total        |
|----------------------|-----------------------------------|-----------|----------------------|-------------------------------|----------------------------------|--------------|
| M2-2025.003          | Nerea Andrés Docal                | ***2704** | <i>Saias do mar.</i> | 20,83                         | 6,00                             | <b>26,83</b> |





**ANEXO V. Solicitud desestimada por non acadar a puntuación mínima nos criterios técnicos**

| Número de Expediente | Solicitante                | NIF       | Proxecto | Puntuación Criterios Técnicos |
|----------------------|----------------------------|-----------|----------|-------------------------------|
| M1-2025.001          | Ana Beatriz Pérez Enríquez | ***1210** | Ngoma.   | 15,67                         |

